



## BASES REGULADORAS DO SERVIZO DE CAMAS ARTICULADAS


### PRIMEIRA. MARCO NORMATIVO.

- Lei Orgánica 1/198, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia, que no seu artigo 1 estipula que a presente Lei ten por obxecto regular as condicións básicas que garanten a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.
- Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Norma Europea EN ISO 9999:2007, que a súa vez adopta a Norma Internacional ISO 9999:2007, que anula ou substitúe a a Norma UNE-EN ISO 9999:2003
- A norma ISO 9999 clasificación de las axudas técnicas. A última revisión, ISO 9999:2007, substitúe a terminoloxía de "axudas técnicas" por "produtos de apoio".

### SEGUNDA. OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento de acceso ao servizo de préstamo de camas articuladas do Concello de Lalín.






Lalínkcero

Servizos Sociais

## TERCEIRA. OBXECTIVOS.

### Xerais :



Concello de Lalín

1. Garantir o dereito á igualdade de todas as persoas no seu entorno, favorecendo a calidade de vida dentro do seu domicilio.
2. Previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar limitación na actividade diaria e restricións na promoción da autonomía persoal e participación no eido da comunidade das persoas con limitacións.
3. Favorecer o envellecemento de calidade no propio fogar, evitando ou retardando a institucionalización mentres sexa posíbel.
4. Mellorar a calidade de vida da persoa coidadora principal e os procesos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral da mesma, mediante axudas técnicas (camas articuladas) que simplifiquen e faciliten o seu labor.


### Operativos :

1. Garantir as axudas técnicas ou tecnoloxía de apoio (camas articuladas) necesarias par previr problemas xerais do/a usuario/a.
2. Apoiar as persoas coidadoras informais no coidado dos seus familiares dependentes.
3. Facilitar as camas articuladas as persoas dependentes que o precisen dentro do termo municipal de Lalín.

## CUARTA. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO.

1. Correspóndelle ao Concello de Lalín as competencias de planificación, programación, dirección técnica, coordinación, execución, seguimento, supervisión, control e avaliación do servizo.
2. Na Concellería de Benestar e Emigración existirá un rexistro dixitalizado onde se reflectirán as camas articuladas dispoñibles, así como a localización das emprestadas.
3. O Concello de Lalín disporá dun sistema de almacenamento que cumprirá os requisitos precisos para poder albergar as camas articuladas.





4.A recollida e entrega das camas, serán responsabilidade da/s familia/s da/s persoa/s usuaria/s, que se coordinarán co persoal da Concellería de Benestar e Emigración ou coa/s persoa/s encargadas en quen deleguen para convir os tempos.

5.As reparacións, que non sexan debidas ao uso propio da axuda técnica, serán por conta da persoa usuaria.



#### QUINTA.REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.


Poderán ser beneficiarios/as do servizo de préstamo de camas articuladas aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Residentes empadroados/as no Concello de Lalín.
2. Persoas con grao de dependencia recoñecido.
3. Persoas con recoñecemento de grao de discapacidade ( EVO) / minusvalía ( EVI )
4. Persoas que acrediten a través do informe médico (Anexo II) a necesidade da utilización da axuda técnica solicitada.
5. No caso de non existir listaxe de espera aquelas persoas solicitantes, con expediente aberto na Concellería con competencia en servizos sociais, e que non reúnan os requisitos para solicitar este recurso queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración dos/as profesionais da Concellería para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen en situación de risco e/ou desprotección.
6. Imposibilidade da familia para cubrir estas necesidades.
7. Non ter dereito a solicitar nin ser perceptor de axudas de análoga natureza a través de outras administracións ou entidades.

#### SEXTA.DETERMINACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.

A efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos previstos nas presentes bases considérase que forman parte da unidade de convivencia, ademais da persoa solicitante, no momento de presentar a solicitude:





- a) Cónxuxe, parella de feito ou persoa unida por análoga relación de afectividade.
- b) Parentes por consanguinidade e afinidade ata o terceiro grao de parentesco.

#### **SÉTIMA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ao longo de todo o ano.


O lugar de presentación de solicitudes, xunto coa documentación requirida, será o Rexistro Xeral Municipal do Concello de Lalín, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

#### **OITAVA. DOCUMENTACIÓN.**

As solicitudes serán acompañadas da seguinte documentación:

1. Fotocopia do D.N.I., pasaporte ou NIE, en vigor, da/o solicitante e dos membros da unidade de convivencia, no caso de que non figure no expediente aberto ao seu nome na Concellería.  
As persoas estranxeiras que residan no Concello de Lalín poderán beneficiarse desta prestación, sempre que se atopen en situación administrativa regular e cumpran as condicións da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, tendo ademais que reunir os demais requisitos establecidos nas presentes bases.
2. Informe médico, segundo Anexo II das presentes bases.
3. Resolución do grao de dependencia, no caso de que non figure no expediente aberto ao seu nome na Concellería.
4. Resolución do grao de discapacidade ( EVO ) ou minusvalía ( EVI), no caso de que non figure no expediente aberto ao seu nome na Concellería.
5. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e das que con ela convivan, relativas ao último período impositivo inmediatamente anterior á solicitude, mediante:





- ◆ Fotocopia da declaración do IRPF, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade de convivencia; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda. (poderá ser solicitado polo Concello, previa autorización do/a interesado/a).
- ◆ Outros xustificantes de ingresos ou ben ausencia deles da unidade de convivencia: certificación de empresa/s, nóminas, prestación/s, pensións,.....

En caso de que a documentación sexa incompleta requirirase ao/a solicitante para que a complete nun prazo de 10 días, sendo arquivado o expediente en caso contrario.


## NOVENA. CRITERIOS DE BAREMACIÓN.

A base que se tomará será o IPREM establecido anualmente segundo a normativa que o rexe.

### 1.Criterios Sociais.

Problemática social	Puntuación
1.- Familias incluídas no Programa de Intervención Socio-familiar no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios.	50
2.- Familias beneficiarios da RISGA e/ou Axuda de Emerxencia Social.	50
3.- Familias de intervención social incluídas noutros Programas de Servizos Sociais.	50
4.- Familias desestruturadas.	50
5.-Familias nas que algún/s membro/s estean afectados por algunha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% legalmente cualificada, ou estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro.	50
6.- Outras situacións a xustificar: emerxencias, urxencias,.....	50
7.- Familias monomarentais/parentais.	45
8.- A ausencia de medios propios de subsistencia da unidade familiar.	45
9.- Non achega económica por parte dalgún/s do/s membro/s da unidade familiar ao sostemento da mesma.	45
10.- Ausencia de ingresos fixos na unidade familiar	45





## 2. Situación económica da unidade de convivencia.

Renda da Unidade de Convivencia	Puntuación
Ata 9.585,19 € (1,5 lprem)	50
Entre 9.585,20 € ata 12.780,26 € (2 lprem)	45
Entre 12.780,27 € ata 15.975,32 € (2,5 lprem)	40
Entre 15.975,33 € ata 19.170,39 € (3 lprem)	35
Entre 19.170,40 € ata 22.365,45€ (3,5 lprem)	30
Entre 22.365,45 € ata 25.560,52 € (4 lprem)	25
Entre 25.560,53 € ata 28.755,58 € ( 4,5 lprem)	20
A partires de 28.755,59 €	10

\*\*\*As prestacións de dependencia non se consideran ingresos ou rendas computables.




## DÉCIMA. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES.


A/s solicitude/s serán tramitadas polo/a traballador/a social responsable do servizo de axuda no fogar que, de conformidade coa documentación achegada e os criterios que se determinan na base novena, procederá á avaliación do expediente.

Emitido o informe, coa puntuación correspondente, será elevado ao/á Concelleiro/a de Benestar e Emigración para a elaboración da proposta que se someterá á Xunta de Goberno Local, que acordará a concesión, denegación ou incorporación a unha listaxe de espera.

No suposto de que existan solicitudes, coa mesma puntuación, que superen o número de camas dispoñibles, establecerase a seguinte orde de prioridade:

- 1º. Maior puntuación no apartado criterios sociais.
- 2º. Maior puntuación no apartado de situación económica da unidade familiar.
- 3º. Número de rexistro de entrada da solicitude.





### DÉCIMO PRIMEIRA. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

1. Cumprir as normas sobre o acceso e utilización do servizo establecidas nas presentes bases.
2. Tratar co máximo coidado a/s cama/s empregada/s.
3. Comunicar modificacións que teñan lugar en relación ao dereito a recibir esta prestación, así como calquera cambio de domicilio, teléfono ou outro dato da súa situación económica e/ou familiar de interese en relación coa axuda recibida.
4. Entregar a cama prestada cando non sexa necesaria.
5. Facerse cargo dos traslados da cama dende o almacén ata a súa residencia e viceversa.
6. Compromiso de aceptar o seguimento dende a Concellería con competencias en materia de servizos sociais.




### DÉCIMO SEGUNDA.. EXTINCIÓN DO SERVIZO.


1. Por renuncia voluntaria das persoas usuarias ou dos/as seus/súas representantes legais. En caso de persoas incapacitadas xudicialmente será preceptivo a autorización do/a xuíz/xuíza.
2. Por incumprimento das normas propias do servizo de préstamo de camas articuladas.
3. Por ingreso de carácter definitivo nun centro residencial.
4. Por traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.
5. Por modificación da situación da persoa beneficiaria que deu lugar a prestación do servizo.

### DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME DE RECURSOS.

Contra as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución das presentes bases poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, dende a notificación da resolución.

Entenderase desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.





#### **DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS.**

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Lalín, con domicilio en Praza de Galicia, s/n - Lalín – Pontevedra, onde se poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

#### **DÉCIMO QUINTA. NORMAS SUPLETORIAS.**

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2013; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

